

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE E A PLATAFORMA DE ORGANIZACIÓNS DE INFANCIA DE GALICIA PARA O DESENVOLVEMENTO DO PROGRAMA DE ACTUACIÓNS ENCAMIÑADAS Á PROTECCIÓN E PROMOCIÓN DOS DEREITOS DA INFANCIA NO ANO 2025.

Santiago de Compostela, *(na data da sinatura dixital)*

REUNIDOS

Dunha parte: Dona Fabiola García Martínez, conselleira de Política Social e Igualdade, actuando en nome e representación da Consellería de Política Social e Igualdade, no uso das facultades que lle veñen atribuídas no artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia, o Decreto 44/2024, do 14 de abril, do seu nomeamento, o Decreto 42/2024, do 14 de abril, polo que se establece a estrutura orgánica da Xunta de Galicia, o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica das consellerías da Xunta de Galicia e o Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e o acordo do Consello da Xunta de Galicia, do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, publicado no Diario Oficial de Galicia por Resolución de 8 de abril de 1991.

Doutra parte: Dona Mónica Viqueira Martínez, con DNI 46919702R, presidenta da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, con NIF G70556360, actuando en nome e representación dela, segundo o acordo do seu nomeamento adoptado pola Asemblea Xeral de dita asociación o día 5 de marzo de 2024 e coas funcións que se recollen no artigo 22 dos estatutos da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, inscritos no Rexistro Central de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia por resolución do 11 de marzo de 2024, conforme á Lei orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do dereito de asociación.

Ambas as dúas partes interveñen no nome e representación dos seus respectivos órganos e entidades no exercicio das competencias que lles están legalmente atribuídas, recoñecéndose mutua e reciprocamente capacidade para obrigarse mediante o presente convenio nos termos que nel se conteñen e, para o efecto,

EXPOÑEN

Primeiro.- Que as administracións públicas poden celebrar convenios de colaboración con outras entidades públicas así como con persoas xurídicas suxeitas ao dereito privado ao abeiro do disposto na Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, e máis o Acordo do Consello da Xunta do 27 de marzo de 1991, sobre convenios de cooperación con outros entes públicos e de colaboración con particulares, feito público por Resolución da Consellería de Economía e Facenda do 8 de abril de 1991.

Segundo.- Que a Constitución española dispón no artigo 39, entre os principios reitores da política económica e social, o apoio dos poderes públicos para asegurar a protección social, económica e xurídica da familia, sinalando igualmente que os/as menores deberán gozar da protección prevista nos acordos



internacionais, entre os que deben incluírse os dereitos recoñecidos á infancia pola Convención sobre os Dereitos do Neno, aprobada pola Asemblea Xeral das Nacións Unidas o 20 de novembro de 1989 e en vigor en España dende o 5 de xaneiro de 1991.

Terceiro.- A Comunidade Autónoma de Galicia ostenta competencias exclusivas en materia de asistencia social, de conformidade co disposto no artigo 27.23 do Estatuto de autonomía de Galicia, Lei Orgánica 1/1981, do 6 de abril, e nos Reais Decretos de Transferencia 2411/1982, do 24 de xullo e 534/1984, do 25 de xaneiro e, en virtude da dita competencia aprobouse a Lei 13/2008, do 3 de decembro de servizos sociais de Galicia e a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia.

Cuarto.- Que a Consellería de Política Social e Igualdade é o órgano superior da administración autonómica, ao que lle corresponde as competencias en materia de servizos sociais, conforme ao Decreto 139/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Política Social e Igualdade, e ten entre as súas funcións e competencias as relativas á protección e a tutela das persoas menores en situación de risco ou desamparo nos termos establecidos no Código Civil, na Lei Orgánica 1/1996, do 15 de xaneiro, de protección xurídica do/da menor, de modificación parcial do Código Civil e da Lei de Axuízamento Civil e na Lei Orgánica 8/2015, de 22 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e adolescencia e a Lei 26/2015, de 28 de xullo de modificación do sistema de protección á infancia e á adolescencia e na Lei Orgánica 8/2021 do 4 de xuño, de protección integral á infancia fronte á violencia e, no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, a Lei 3/2011, do 30 de xuño, de apoio á familia e á convivencia de Galicia, o Decreto 42/2000 do 4 de xaneiro, polo que se refunde a normativa reguladora vixente en materia de familia, infancia e adolescencia.

Quinto.- Que a Plataforma de Organizacions da Infancia de Galicia (en adiante, POIG), constituída segundo o Artigo 1 dos seus Estatutos e inscrita no Rexistro Central de Asociacións de Galicia co número 2018/022401, é unha asociación de persoas xurídicas sen ánimo de lucro con personalidade xurídica propia, autónoma das súas entidades asociadas e con plena capacidade de obrar, que actúa no territorio galego, sen prexuízo de realizar actuacións estatais e internacionais, a favor do bo trato á infancia e á adolescencia en Galicia. Así mesmo, é unha entidade membro da Plataforma de Organizaciones de Infancia (POI), organización estatal creada no ano 1997 coa misión de xuntar esforzos entre as entidades sociais para protexer, promover e defender os dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, conforme á Convención sobre os Dereitos do Neno de Nacións Unidas, do 20 de novembro de 1989.

A Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia pretende ser a voz, en espazos participativos, das organizacións que traballan polos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes, de modo que esta entidade facilite a participación, decisións e realización de acordos ou accións relacionadas co benestar da infancia.

Sexto.- O obxectivo xeral da POIG é a protección e promoción dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno.

Son obxectivos específicos:

- a) Impulsar as políticas xerais e sectoriais que estean dirixidas a incrementar o benestar da infancia, en especial o daqueles nenos e nenas en situacións de risco individual e social.
- b) Denunciar e facer un seguimento de todas as situacións de vulneración dos dereitos da infancia por parte das institucións públicas, do sector privado, dos particulares, dos medios de comunicación social ou da opinión pública.



- c) Sensibilizar á sociedade galega para o coñecemento e o respecto dos dereitos da infancia.
- d) Desenvolver o diálogo, a colaboración e a participación en todos aqueles organismos públicos e privados que teñen ou poidan ter influencia no benestar da infancia e na aplicación dos dereitos da infancia.
- e) Promover a participación e o asociacionismo da infancia de todas aquelas organizacións comprometidas na aplicación dos dereitos da infancia e na calidade de vida dos nenos e nenas.
- f) Facilitar o diálogo entre organizacións de infancia de Galicia xerando presenza, opinión e participación das organizacións de infancia na realidade social e situando á infancia como suxeito activo de dereitos segundo a Convención sobre os Dereitos do Neno.
- g) Dar a coñecer a realidade da infancia na Comunidade Autónoma de Galicia.
- h) Favorecer a coordinación entre asociacións que traballan por/para e coa infancia.
- i) Formar parte desde Galicia na Plataforma de Organizaciones de Infancia, así como en calquera outro organismo que desenvolva un traballo acorde con estes obxectivos e dos que poida formar parte na súa calidade de entidade privada representativa do sector.

Sétimo.- Que ambas partes son conscientes da especial vulnerabilidade das persoas menores, dada a súa inmadurez física e mental, e da necesidade de manter actuacións tendentes á protección e promoción dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno. Para ambas partes é obxectivo prioritario a consecución do benestar das persoas menores e consideran imprescindible a colaboración entre diferentes institucións públicas e privadas para lograr un servizo máis eficaz na atención deste colectivo.

A Lei 3/2011, do 30 de xuño, recolle no seu artigo 38, entre os principios reitores da actuación dos poderes públicos de Galicia no exercicio das funcións de atención e protección á infancia e á adolescencia, o fomento da solidariedade e a sensibilidade social ante as dificultades que afecten á infancia e á adolescencia, ao obxecto de previr a marxinação e a explotación infantil, así como calquera manifestación de abuso, acoso e maltrato físico, psíquico ou emocional, e impulsar o papel da sociedade civil na defensa dos dereitos e liberdades das e dos menores.

Do mesmo xeito, a Lei 13/2008, do 3 de decembro, establece no apartado c) do seu artigo 3, como un dos seus obxectivos específicos, o de dar protección e oportunidades sociais e educativas a menores de idade e a aquelas outras persoas que se atopen en situación de conflito ou desamparo.

En consonancia con isto a Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia presenta ante a Administración Autónoma un programa de actividades, descritas na cláusula cuarta e de xeito pormenorizado no Anexo II do Convenio, co que se pretende promover a participación dos nenos e nenas de Galicia en todos os ámbitos da sociedade e, de xeito especial, no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como fortalecer as estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia.

Oitavo.- Que actualmente faise preciso establecer medidas de apoio orientadas ao desenvolvemento do tecido asociativo integrado polas entidades de iniciativa social que traballan na atención de menores, dado que desenvolven unha importante labor complementaria á proporcionada a través dos recursos das administracións públicas.

Que o carácter singular do presente convenio vén determinado por razóns de interese público, social e humanitario. Cómpre sinalar que non existe en Galicia outro programa destas características, con persoal



especializado e atención en todo o territorio. Consonte o anterior estímase xustificada a imposibilidade de promover a concorrencia de ofertas xa que o seu obxecto non se corresponde con ningún dos recollidos na Lei 9/2017, de 8 de novembro, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014. Así mesmo, a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia é a única entidade que pode realizar este programa dada a ampla representatividade que lle outorgan as organizacións que se integran nela, tal e como se xustificou no expoñendo anterior ao non existir outro programa destas características en Galicia. De feito, en virtude desta representatividade, a Consellería de Política Social e Igualdade a través da Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica mantén un diálogo constante coa Plataforma para recibir as suxerencias do terceiro sector.

De acordo con iso, a Consellería de Política Social e Igualdade considera que a colaboración a través da concesión dunha subvención pública directa permite o desenvolvemento das actuacións descritas no referido Anexo II que cumpren, indubidablemente, unha función de interese social en consonancia co establecido no artigo 19.4 c) e 26 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia e no artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, nos que se prevé a posibilidade de excepcionalar do réxime ordinario de concorrencia competitiva en base ao carácter singular das subvencións e razóns de interese público, social e humanitario, cal é o caso, no que o interese prioritario é a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia.

En virtude do exposto, ambas as dúas partes outorgan e subscriben de mutuo acordo o presente convenio de colaboración con suxeición ás seguintes,

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. OBXECTO

O obxecto do presente convenio é contribuír por parte da Consellería de Política Social e Igualdade a través da concesión directa dunha subvención pública, ao financiamento do desenvolvemento das actuacións recollidas no programa de actividades da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, reflectidas na cláusula cuarta e no Anexo II, dirixidas á promoción da participación dos nenos e nenas en todos os ámbitos da sociedade e, de xeito especial, no deseño e toma de decisións das medidas que inciden directamente na súa calidade de vida e no respecto dos seus dereitos, así como ao fortalecemento das estruturas democráticas e da sociedade civil galega mediante o apoio, a creación e consolidación de coordinadoras ou redes de traballo a prol da infancia e, deste xeito, procurar a protección e promoción na Comunidade Autónoma de Galicia dos dereitos da infancia recollidos na Convención sobre os Dereitos do Neno, do 20 de novembro de 1989.

SEGUNDA. DESTINATARIOS DO PROGRAMA

Os destinatarios das actuacións encamiñadas á protección e promoción dos dereitos da infancia que forman parte do programa da Plataforma de organizacións de infancia de Galicia obxecto da subvención, serán as organizacións que xestionan e/ou son adjudicatarias dos programas do ámbito do sistema de protección á infancia e a adolescencia da Comunidade Autónoma de Galicia, que traballan polos dereitos destes nenos, nenas e adolescentes que se atopan dentro do sistema de protección no ámbito da Comunidade Autónoma de Galicia, sendo estas persoas menores as beneficiarias finais deste programa.



TERCEIRA. ORZAMENTO

A previsión do orzamento de gastos para a realización das actuacións que conforman o programa da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, obxecto deste convenio, ascende á cantidade de CINCUENTA E NOVE MIL SETENTA E CINCO EUROS (59.075,00 €).

Para sufragar os gastos derivados destas actuacións, a Consellería de Política Social e Igualdade aboará á Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, a cantidade de 59.075,00 € (cincuenta e nove mil, setenta e cinco euros) con cargo á aplicación orzamentaria 08.02.312B.481.0 dos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025, na que existe crédito adecuado e suficiente.

CUARTA. ACTUACIÓNS A DESENVOLVER.

1. As actuacións a desenvolver pola Plataforma de organizacións de infancia de Galicia, obxecto de subvención a través deste convenio, son as que a seguir se relacionan:

a) Mantemento e consolidación dos grupos de traballo para favorecer a participación das entidades que conforman a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, nos ámbitos de incidencia política, sistema de protección, participación infantil e comunicación.

b) Acompañamento ás entidades interesadas no ingreso na Plataforma de organizacións de infancia de Galicia (en adiante POIG), facilitando accións en rede e as coordinacións do terceiro sector da infancia galega.

c) Coordinación e apoio ás accións da Plataforma de Infancia estatal, mediante a comunicación das accións estatais en materia de infancia e adolescencia ás entidades membro, participación nos Grupos de Traballo da Plataforma de Infancia estatal en diversas materias e o establecemento de accións conxuntas co resto das plataformas de infancia autonómicas.

d) A realización de accións que contribúan a difundir o coñecemento da Lei Orgánica 8/2021, do 4 de xuño, de protección integral á infancia e á adolescencia fronte á violencia no ámbito da Comunidade autónoma de Galicia, a adaptación de guías sobre a dita lei e ao mantemento da colaboración coa Valedora do Pobo para incidir na mellora dos dereitos da infancia e adolescencia, coordinando un acto polo Día da Infancia (20 de novembro) reivindicativo dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia.

e) Implementación do programa "Coñecer para protexer" (apartado 4 do Anexo II) a través do cal se realizan capacitacións a técnicos/as das entidades que forman parte da POIG e que atenden aos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección sobre métodos para xestionar posibles condutas violentas nos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección, coa finalidade de crear espazos seguros e libres de violencia.

f) A posta en marcha de procesos participativos con nenos, nenas e adolescentes sobre a violencia e canles de denuncia.

g) Promover xornadas colaborativas entre a POIG e a Universidade da Coruña para dar a coñecer os dereitos da infancia e adolescencia.

h) Seguimento da evolución dos indicadores de pobreza infantil en Galicia coa finalidade de ter os datos estadísticos necesarios para desenvolver o programa a subvencionar a través deste convenio, mediante a elaboración e presentación dun informe sobre pobreza infantil e adolescente centrándose na evolución dos datos en Galicia.

i) Continuar coa mesa de diálogo entre a POIG e os órganos competentes da Consellería de Política Social (en particular, a Xefatura de Servizo de Protección de Menores e a Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica) por medio da recompilación e traslado das necesidade atopadas



no sistema de protección á infancia, a achega á Xunta de Galicia de propostas e valoracións para a revisión de protocolos e circulares sobre temáticas do sistema de protección da infancia, así como o apoio con contribucións técnicas na elaboración do decreto polo cal se regulará o acollemento residencial, o acollemento familiar e a atención de día e a elaboración de propostas para o Primeiro Plan de Acollemento Familiar de Galicia.

k) Fortalecemento do Grupo de Participación Infantil e Adolescente da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, mediante a celebración de reunións presenciais e online nas cales se reflectan as súas demandas.

l) O apoio nas coordinacións cos nenos, nenas e adolescentes do grupo nomeados/as vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia.

m) Accións de voluntariado social na entidade de cara á mellora dos dereitos da infancia e adolescencia galega, mediante a implementación do programa "Promoción do Voluntariado: móvete polos dereitos da infancia e adolescencia".

n) A actualización da web da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia e dos diferentes perfís en redes sociais (Facebook, Twitter, Youtube e LinkedIn), centrados na difusión dos dereitos da infancia e adolescencia de Galicia, así como a elaboración de pezas informativas sobre as entidades membro da Plataforma para publicar na web e nas redes sociais.

ñ) A participación activa na campaña da *X Solidaria de Galicia*, mediante a colaboración na organización e realización do acto de presentación da campaña, na difusión da mesma a entidades e ao público en xeral a través de emails, RRSS e páxina web, coa finalidade de que máis xente se sume a marcar a X Solidaria na comunidade.

o) Creación dun boletín bimensual destinado ás entidades membro que traballan a prol da infancia e outros actores interesados sobre novas de infancia.

p) Asesoramento ás entidades membro na creación e participación de programas de participación infantil.

q) Mantemento dun espazo seguro na rede para a participación e asociacionismo de mozos e mozas a través dos seguintes programas:

1º) "Redeiros: os dereitos da infancia na rede": programa destinado a centros educativos concellos, bibliotecas e entidades con adolescentes de Galicia.

2º) "Dereitos da Infancia: aprenden e participan nos seus dereitos": programa destinado a centros educativos, concellos, bibliotecas e a calquera entidade de infancia de Galicia, no que se desenvolven actividades de participación infantil que responden ás demandas dos nenos, nenas e adolescentes.

2. O Anexo II relaciona estas actuacións e a finalidade perseguida co seu desenvolvemento.

QUINTA. OBRIGAS DA ENTIDADE COMO BENEFICIARIA DA SUBVENCIÓN

1. En cumprimento do artigo 11 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, son obrigas da Plataforma de Organizacións de Infancia de Galicia, como entidade beneficiaria da subvención:

a) Realizar as actividades do programa obxecto da subvención, descritas na cláusula cuarta e polo miúdo no anexo II, e acreditar a súa realización e o cumprimento dos requisitos ou das condicións que determinaron a concesión da axuda. O cumprimento desta obriga de xustificación realizarase nos termos previstos no artigo 28 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e no artigo 30 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións, na normativa regulamentaria de desenvolvemento e no disposto nas bases reguladoras e nos instrumentos de concesión.



- b) Cumprir os requisitos para poder obter a condición de beneficiaria e non atoparse incurso en ningunha das circunstancias e prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño e tamén deberá cumprir o resto das obrigas recollidas no artigo 11 da devandita lei e na Lei 38/2003, de 17 novembro.
- c) Acreditar que está ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, de que non ten pendente de pagamento débedas coa comunidade autónoma e de que non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, ao abeiro do artigo 28 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.
- d) Comunicar a obtención doutras subvencións, axudas, ingresos ou recursos que financien as accións derivadas do obxecto do convenio. Esta comunicación deberá efectuarse tan pronto como se coñeza e, en todo caso, con anterioridade á xustificación da aplicación dada aos fondos percibidos.
- e) Someterse ás actuacións de comprobación que deba efectuar a Consellería de Política Social e Igualdade, así como calquera outra comprobación e control financeiro que poidan realizar os órganos de control competentes, tanto nacionais como comunitarios, e achegar canta información lle sexa requirida no exercicio das actuacións anteriores. No ámbito da comunidade autónoma, debe facilitar toda a información que lle sexa requirida pola Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, polo Tribunal de Contas e polo Consello de Contas, no exercicio das súas funcións de fiscalización e control do destino da subvencións.
- f) Adecuar a forma de presentación dos datos relativos á execución das actividades do programa, así como os instrumentos xustificativos do gasto, á Lei 9/2007, do 13 de xuño, e á Lei 39/2015, do 1 de outubro.
- g) Adoptar as medidas de difusión contidas no artigo 15.3 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no artigo 20 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o regulamento da Lei 9/2007, do 13 de xuño. Estas medidas consistirán na inclusión da imaxe institucional da Xunta de Galicia, así como en lendas alusivas ao financiamento público do programa en carteis, placas, materiais impresos e medios electrónicos e audiovisuais, entre outros, que teñan relación coas actuacións.
- h) Dispoñer dos libros contables, rexistros dilixenciados e demais documentos debidamente auditados nos termos esixidos pola lexislación mercantil e sectorial aplicable á entidade beneficiaria, así como cantos estados contables e rexistros específicos sexan esixidos polas bases reguladoras das subvencións, coa finalidade de garantir o adecuado exercicio das facultades de comprobación e control.
- i) Levar un arquivo e custodia, durante polo menos cinco anos, da documentación substantiva e financeira que soporte e acredite a realización das actividades que conforman o programa subvencionado, obxecto deste convenio. En particular, a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia comprométese a achegar, inescusablemente nun prazo de dez días, cantas facturas, nóminas e demais documentos de carácter contable lle sexan requiridos pola Consellería de Política Social e Igualdade, a través da Dirección Xeral competente en materia de infancia.
- j) Proceder ao reintegro dos fondos percibidos nos supostos contemplados nos artigos 32 e 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.
- k) Cumprir cantas outras obrigas se deriven da execución do disposto neste convenio.

2. Asemade a entidade deberá cumprir a obriga de subministro de información nos termos establecidos no artigo 4 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, para o cumprimento pola Consellería de Política Social e Igualdade, das obrigas previstas no Título I da citada lei.



SEXTA. INEXISTENCIA DE RELACIÓN LABORAL

A Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, porá a disposición do programa o persoal de dirección, de xestión e de actuacións necesario para garantir a calidade e mellora no desenvolvemento das actividades do seu programa subvencionadas a través do presente convenio de colaboración. Este persoal en ningún caso poderá actuar baixo a dependencia da Consellería de Política Social e Igualdade, debendo ser, a antedita Plataforma, a que imparta as oportunas ordes aos seus equipos de traballo e ostente respecto destes o correspondente poder de dirección, conservando os dereitos, obrigas, riscos e responsabilidades inherentes a súa condición de empregadora.

A subscrición do presente convenio non implicará relación contractual ningunha entre a Consellería de Política Social e Igualdade e as persoas que desenvolvan as actividades que formen parte do programa a subvencionar, de xeito que por este concepto non se lle poderá esixir responsabilidade, nin directa nin subsidiaria, polo acontecido no desenvolvemento das ditas actividades.

SÉTIMA. GASTOS SUBVENCIONABLES

O importe da subvención destinarase a cubrir os gastos correntes descritos no anexo I, efectivamente realizados pola Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, necesarios para o desenvolvemento das actuacións recollidas na cláusula cuarta e de xeito pormenorizado no Anexo II.

Para estes efectos, consideraranse gastos subvencionables os previstos no artigo 29 da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

A condición de imputable do gasto deriva do cumprimento dos seguintes requisitos: que sexa un gasto directo da actividade; que de xeito indubidable responda á natureza do programa subvencionado; que sexa axeitado aos obxectivos da medida á que pertence; que exista constancia documental sobre a súa realización de xeito verificable e que se realice dentro do período establecido; que se acredite mediante facturas ou documentos de valor probatorio equivalente, con validez no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, e que sexa efectivamente pagado pola entidade beneficiaria dentro do prazo de xustificación, agás que se trate de gastos correspondentes a impostos ou cotas por seguros sociais relativos a gastos directos das actividades liquidables con posterioridade a esta data; para estes gastos, o período de xustificación abrangue ata o derradeiro día do mes seguinte ao último trimestre do exercicio en que se establece a axuda.

Poderán financiarse con cargo a este convenio gastos correntes consumibles, non amortizables necesarios para a realización das actuacións, tales como:

- a) Gastos de persoal.
- b) Alugueiro da Sede da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia .
- c) Material para diversas actividades (comunicación e incidencias, material acto central e actos descentralizados celebración do 20N...).
- d) Material de oficina non inventariable.
- e) Deseño e mantemento da web e hosting.
- f) Gastos de comunicación.
- g) Teléfono e enerxía eléctrica.
- h) Asesoría laboral contable.
- i) Gastos de desprazamentos.
- j) Outros gastos de similar natureza.



Estes gastos serán subvencionados coa condición de que correspondan a custos reais de execución das actividades que conforman o programa financiado a través deste convenio e se asignen de forma rateada á operación, de acordo cun método equitativo debidamente xustificado.

Non se poderán financiar os gastos que supoñan calquera tipo de investimento en bens inventariables.

OITAVA. FORMA DE XUSTIFICACIÓN E PAGAMENTO

1. Respecto da forma de xustificación e pagamento estarase ao disposto na Lei 4/2024, do 27 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2025; na Lei 38/2003, do 17 de novembro; no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, xeral de subvencións; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

2. O pagamento efectuarase previa presentación da conta xustificativa do gasto, que permita acreditar o cumprimento das actividades que conforman o programa subvencionado a través deste convenio.

3. A xustificación comprenderá os gastos realizados e pagados dende a sinatura do convenio ata o 17 de decembro de 2025 e deberá presentarse na dirección xeral competente en materia de infancia con data límite do 17 de decembro de 2025. Sen prexuízo do exposto, a concesión da subvención comprenderá aqueles gastos xerados no marco do programa dende o 1 de xaneiro de 2025.

4. A Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia, comprométese á presentación dos xustificantes de pago, relativos a custes salariais, que sexa imposible presentar en cada momento das fases de pagamento, no momento da xustificación final, así como os documentos xustificativos do gasto da seguridade social para o mes de decembro e o impreso de liquidación nominal do IRPF do cuarto trimestre, unha vez obren no seu poder, e en calquera caso non máis tarde do 31/01/2026.

5. En aplicación do artigo 29.2 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e do artigo 42 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, considérase gasto realizado o que foi efectivamente pagado ata a data de finalización do período de xustificación, acreditándose este pagamento mediante extractos ou certificacións bancarias debidamente identificados, selados e asinados pola entidade beneficiaria.

6. A entidade beneficiaria poderá solicitar pagamentos parciais a conta da liquidación definitiva ata o 80% da contía total concedida, a medida en que a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia xustifique os gastos realizados e o cumprimento da finalidade para a que foi concedida a subvención, así como a aplicación dos fondos destinados para estes efectos. Estes libramentos parciais quedarán exonerados da constitución de garantías previstas no artigo 67 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, por estar incluídos no suposto recollido no apartado f) do artigo 65.4.

O libramento farase nunha conta corrente da que sexa titular a entidade beneficiaria, nas seguintes condicións, en aplicación do artigo 62 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro:

a) Ata un máximo de 47.260,00 € (80% da cantidade subvencionada), a medida que se xustifique a realización das actividades descritas neste convenio.

b) Os 11.815,00 € restantes (20% da cantidade subvencionada) pagarase unha vez xustificada a realización da totalidade da actividade subvencionada.

NOVENA. DOCUMENTACIÓN PARA XUSTIFICAR AS AXUDAS

1. Os gastos das actividades do programa que poidan ser subvencionables, deben xustificarse de conformidade ao previsto no Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro. A tal efecto, a Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia remitiralle á dirección xeral competente en materia de infancia da Consellería de Política Social e Igualdade, en cada xustificación parcial, a seguinte documentación, unha



vez finalizadas as actividades a subvencionar a través deste convenio xunto coa xustificación do emprego das cantidades na realización destas actividades, e en todo caso, con data límite do 17 de decembro de 2025:

- a) Unha relación clasificada dos gastos das actividades, con identificación da persoa acreedora e do documento xustificativo do gasto, o seu importe, a data de emisión e, se é o caso, a data de pagamento.
 - b) Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa incorporados na relación á que se fai referencia no parágrafo anterior e a documentación acreditativa do seu pagamento.
 - c) Memoria económica xustificativa do custo das actividades realizadas, que conterá os mesmos elementos descritos no apartado 6 da cláusula oitava e ademais estes outros:
 - Custes de persoal.
 - Balance no que se reflecta a totalidade dos ingresos e gastos correspondentes ás actividades do programa subvencionado a través do convenio.
 - Declaración que conteña unha relación detallada doutros ingresos ou subvencións que financiasen as actividades subvencionadas con indicación do importe e a súa procedencia.
 - Declaración responsable que acredite a finalización das actividades programadas.
2. Así mesmo, antes de facer efectivo o 20% restante, a entidade deberá presentar, ademais dos documentos os que se refire o número 1 desta cláusula, unha memoria de resultados que recolla as actividades que conforman o programa obxecto de subvención realizadas e os resultados obtidos.
3. Todos os documentos anteriores deberán ir acompañados polo xustificante da transferencia ou cargo bancario correspondente que acredite a realización do seu pago.

DÉCIMA. COMPATIBILIDADE CON OUTRAS AXUDAS

A subvención prevista neste convenio é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade, procedentes de calquera Administración ou entes públicos ou privados, nacionais da Unión Europea ou de organismos internacionais.

O importe da subvención en ningún caso poderá ser de tal contía que, illadamente ou en concorrencia con subvencións ou axudas doutras administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, supere o custo total das actividades que vai desenvolver a entidade beneficiaria da subvención.

DÉCIMO PRIMEIRA. COMISIÓN MIXTA DE SEGUIMIENTO

Para o seguimento e coordinación das actividades previstas no presente convenio crearase unha comisión mixta e paritaria na que estarán representadas as partes asinantes. Esta comisión, que se reunirá por petición de calquera das partes, será o mecanismo de actuación conxunta para o seguimento e avaliación das actuacións estipuladas no presente convenio, e estará formada por dous representantes da Consellería de Política Social e Igualdade e dous representantes da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia designados polas persoas que representen a cada unha das partes, así como as súas suplentes.

A persoa que ocupe a presidencia será unha das persoas representantes da consellería designada pola persoa titular da dirección xeral competente en materia de infancia.



A persoa que ocupe a secretaría, que actuará con voz pero sen voto, así como a que asuma a súa suplencia, será unha persoa adscrita á dirección xeral competente en materia de infancia designada pola persoa titular da presidencia.

Como órgano colexiado a comisión someterase ao réxime establecido na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do réxime xurídico do sector público, e na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia.

DÉCIMO SEGUNDA. VIXENCIA

O presente convenio entrará en vigor o día da súa sinatura e terá vixencia ata o 31 de decembro de 2025.

Non obstante, os gastos das actuacións englobadas nas actividades do programa descritas no presente convenio que realizase a entidade dende o 1 de xaneiro de 2025 tamén poderán ser subvencionadas coa achega da Consellería de Política Social e Igualdade.

DÉCIMO TERCEIRA. INCUMPRIMENTOS, REINTEGROS E SANCIÓN

Producirase a perda do dereito ao cobro total ou parcial da axuda no suposto de falta de xustificación do cumprimento das actividades que conforman o programa subvencionado a través do convenio, dos deberes contidos nestas cláusulas, dos deberes contidos no artigo 33 da Lei 9/2007, do 13 de xuño ou na demais normativa aplicable, o que dará lugar á obriga de devolver total ou parcialmente a axuda percibida, así como os xuros de demora correspondentes.

Entenderase incumprida a obriga de xustificar cando a Administración, nas súas actuacións de comprobación ou control financeiro, detectase que na xustificación realizada pola entidade beneficiaria se inclúsen gastos que non respondesen ás actividades subvencionadas, que non supuxesen un custo susceptible de subvención, que fosen xa financiados por outras subvencións ou recursos, ou que se xustificasen mediante documentos que non reflectisen a realidade das operacións.

O procedemento para declarar a orixe da perda do dereito de cobramento da axuda e para facer efectiva a devolución a que se refire o apartado anterior será o establecido no Título II da Lei 9/2007, do 13 de xuño.

Sempre que se cumpran os requisitos ou as condicións esenciais reflectidos no convenio, a Consellería de Política Social e Igualdade poderá apreciar un incumprimento parcial e deberá resolver sobre o seu alcance, aplicando a mesma ponderación que tivera a condición incumprida no convenio e, se é o caso, establecendo o deber de reintegro.

Cando se trate de condicións referentes á contía ou conceptos do programa subvencionable, o alcance do incumprimento determinarase proporcionalmente ao gasto deixado de practicar ou aplicado a conceptos distintos dos considerados subvencionables e, se é o caso, deberán reintegrarse as cantidades percibidas en dita proporción. Con carácter xeral, se o incumprimento superara o 65% das actividades que conforman o programa obxecto de subvención entenderase que este incumprimento é total, e deberán reintegrarse todas as cantidades percibidas e o seus xuros de demora.

Á entidade beneficiaria da subvención concedida en virtude deste convenio seralle de aplicación o réxime de infraccións e sancións previstas no Título IV da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Título VI do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

DÉCIMO CUARTA. RÉXIME XURÍDICO

Este convenio ten carácter administrativo e rexerase nos seus efectos polo establecido nas súas



cláusulas, polo disposto na Lei 38/2003, do 17 de novembro, e no Real decreto 887/2006, do 21 de xullo; na Lei 9/2007, do 13 de xuño e Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro.

No seu defecto, para resolver as lagoas e dúbidas que puideran presentarse, rexeráse polo establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público, polo que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014.

A administración gozará de todas as prerrogativas inherentes á natureza administrativa do convenio.

As cuestións litixiosas xurdidas acerca da interpretación, modificación e resolución serán resoltas pola Consellería de Política Social e Igualdade, e os seus acordos porán fin á vía administrativa.

Contra estes, poderá interpoñer un recurso potestativo de reposición ou acudir directamente á orde xurisdiccional contencioso administrativa, de acordo co artigo 123 da Lei 39/2015, de procedemento administrativo común das administracións públicas.

Se o acto fora expreso, poderá formular un recurso de reposición no prazo dun mes ante o mesmo órgano que ditou a resolución, ou poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de dous meses contados desde o día seguinte á notificación do acto que poña fin á vía administrativa, segundo o previsto no artigo 124 da Lei 39/2015, do 1 de outubro e na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa. Se o acto non fora expreso.

Directamente poderá interpoñer un recurso de reposición en calquera momento a partir do día seguinte a aquel en que se produza o acto presunto, ou poderá formular directamente un recurso contencioso-administrativo, no prazo de seis meses que se contará para a persoa solicitante e outros posibles interesados, a partir do día seguinte a aquel en que, de acordo coa súa normativa específica, se produza o acto presunto, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso – administrativa.

Para tales efectos o tribunal competente será o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

DÉCIMO QUINTA. MODIFICACIÓNS

Toda alteración das condicións tidas en conta para a concesión da subvención, e en todo caso a obtención concorrente doutras achegas, fóra dos casos permitidos nas normas reguladoras, poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión, nos termos establecidos na normativa reguladora da subvención.

DÉCIMO SEXTA. INFORMACIÓN BÁSICA SOBRE PROTECCIÓN DE DATOS PERSOAIS

1. As partes asinantes deste convenio garantirán a confidencialidade dos datos persoais aos que teñan acceso como consecuencia das actividades realizadas en execución deste e de conformidade co disposto na Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais e no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

2. Os datos persoais recadados neste procedemento serán tratados na súa condición de responsable pola Xunta de Galicia-Consellería de Política Social e Igualdade coa finalidade de levar a cabo a tramitación administrativa derivada da xestión da concesión directa a través deste convenio que comprende verificar os datos e documentos que a entidade interesada achegue para comprobar a exactitude destes, levar a cabo as actuacións administrativas que se deriven e informar sobre o estado de tramitación.

3. O tratamento dos datos baséase no cumprimento dunha misión de interese público ou no exercicio de



poderes públicos, conforme ás referencias recollidas no enlace <https://www.xunta.gal/información-xeral-proteccion-datos>, derivada dunha competencia legalmente atribuída ao responsable do tratamento, así como o cumprimento das obrigas legais impostas ao dito responsable de conformidade co disposto no artigo 6.1, letras c) e e) do Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016 e o artigo 8 da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, e en concreto a competencia e obrigas previstas nos preceptos básicos da Lei 38/2003, do 17 de novembro, da Lei 9/2007, do 13 de xuño, na Lei 39/2015, do 1 de outubro, na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro e na Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia. Con todo, determinados tratamentos poderán fundamentarse no consentimento das persoas interesadas, reflectíndose esta circunstancia de conformidade coa normativa de aplicación.

4. A referencia a publicidade, en cumprimento da normativa de transparencia e subvencións, axustarase a dita normativa e coas limitacións que esta establece.

5. Como destinatarias, os datos serán comunicados ás administracións públicas no exercicio das súas competencias, cando sexa necesario para a tramitación e resolución dos seus procedementos ou para que os cidadáns poidan acceder de forma integral á información relativa a unha materia.

6. As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación, oposición, limitación, portabilidade e supresión dos seus datos ou retirar, no seu caso, o consentimento outorgado a través da sede electrónica da Xunta de Galicia, ou nos lugares e rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, segundo se recolle en <https://www.xunta.gal/exercicio-de-dereitos>. O contacto coa persoa delegada de protección de datos e máis información consultarase no enlace <https://www.xunta.gal/proteccion-datos-persoais>.

DÉCIMO SÉTIMA. OBRIGAS DE PUBLICIDADE

Este convenio será obxecto de publicidade e inscrición de conformidade co disposto no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia.

Así mesmo, a concesión da subvención será obxecto de publicación e inscrición en cumprimento do disposto no artigo 17 da lei 1/2016, do 18 de xaneiro, o artigo 15 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, e no Decreto 132/2006, do 27 de xullo, polo que se regulan os rexistros públicos creados nos artigos 44 e 45 da Lei 7/2005, do 29 de decembro, de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para o ano 2006.

As partes asinantes autorizan a publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente convenio de colaboración, no Portal da Transparencia e Goberno Aberto.

De conformidade coa Lei 38/2003, do 17 de novembro, o convenio de colaboración e a información sobre a subvención serán comunicados á Base de Datos Nacional de Subvencións.

E, en proba de conformidade cos termos do convenio, as partes comparecentes o asinan no lugar e data da súa sinatura dixital

A conselleira de Política Social e Igualdade

Fabiola García Martínez
(asinado dixitalmente)

A presidenta da Plataforma de Organizacions de
Infancia de Galicia (POIG)

Mónica Viqueira Martínez
(asinado dixitalmente)



ANEXO I

DISTRIBUCIÓN DO GASTO PARA A EXECUCIÓN DO CONVENIO 2025	
(1 xaneiro - 31 decembro 2025)	
CONCEPTO	GASTOS
PERSOAL	
Persoal Secretaría Técnica	
• Grupo profesional 1	35.265,02
• Grupo profesional 2	2.834,98
Subtotal	38.100,00
ACTIVIDADES	
Actividades da cláusula CUARTA	700,00
Comunicación e incidencia	2.900,00
Formacións	400,00
Mantemento web POIG, programas de comunicación e deseño	570,00
Subtotal	4.570,00
CUSTOS E GASTOS VIAXES	
Dietas e custes de alimentación	600,00
Desprazamentos/viaxes	1.300,00
Subtotal	1.900,00
GASTOS DE ADMINISTRACIÓN	
Asesoría laboral contable	2.130,00
Auditorías de contas	11.075,00
Cota POI estatal	900,00
Fotocopias e material de oficina	100,00
Teléfono	150,00
Custes bancarios	100,00
Taxas Xunta	50,00
Subtotal	14.505,00
TOTAL GASTOS	59.075,00 €



ANEXO II

PROGRAMA DE ACTIVIDADES 2025

A continuación, detállanse de forma exhaustiva as accións específicas, os medios para levalas a cabo e os propósitos que se perseguen en cada unha das actividades, co obxectivo de ofrecer unha visión completa do traballo planificado.

1. Fortalecer a coordinación, vertebración e traballo en rede das entidades do terceiro sector no eido da infancia e adolescencia en Galicia

Mediante:

- Mantemento e consolidación dos grupos de traballo, favorecendo a participación das entidades membro nos ámbitos de incidencia política, sistema de protección, participación infantil e comunicación.
- Acompañamento ás entidades interesadas no ingreso na plataforma, facilitando accións en rede e as coordinacións do terceiro sector da infancia galega.

Finalidade: Crear unha rede sólida para mellorar o impacto das accións pola infancia.

2. Coordinar e apoiar accións da Plataforma de Infancia estatal

Mediante:

- Comunicar as accións estatais en materia de infancia e adolescencia ás entidades membro facilitando a súa participación.
- Participar nos Grupos de Traballo da Plataforma de Infancia estatal en materia de incidencia política, sistema de protección, participación infantil e comunicación.
- Establecemento de accións conxuntas co resto de plataformas de infancia autonómicas mediante a Mesa Territorial da Plataforma de Infancia estatal.
- Albergar e coordinar o encontro anual entre a POI estatal e as plataformas territoriais para dar a coñecer os recursos e boas prácticas levadas a cabo no sector da infancia en Galicia.
- Asistir ás asembleas da Plataforma de Infancia representando ás entidades de infancia e adolescencia da plataforma galega.

Finalidade: Amplificar a voz galega e compartir recursos a nivel nacional.

3. Mellorar e dar a coñecer a situación da infancia

Mediante:

- Preparación de demandas e argumentarios para dar a coñecer as necesidades dos nenos, nenas e adolescentes e das entidades membro.
- Mantemento de comunicacións e reunións con Consellerías da Xunta de Galicia en asuntos relacionados coa mellora do benestar da infancia e adolescencia.

Finalidade: Influír en políticas públicas para o benestar infantil.

4. Incrementar o coñecemento sobre a “Lei Orgánica de Protección Integral á Infancia e á adolescencia fronte á violencia” (LOPVI) en Galicia

Mediante:



- Establecemento dunha campaña na páxina web, RRSS e medios de comunicación, para incrementar o coñecemento da lei.
- Campaña para dar a coñecer esta norma a través de materiais coma guías para nenos, nenas e adolescentes galegos.
- Mantemento e desenvolvemento do programa “Coñecer para protexer” a través do cal se realizan capacitacións a técnicos/as de entidades sobre métodos para xestionar posibles condutas violentas nos nenos, nenas e adolescentes do sistema de protección público autonómico, coa finalidade de crear espazos seguros e libres de violencia.

As formacións estrutúranse en dúas fases:

PRIMEIRA PARTE:

- Lexislación: LOPIVI.
- Violencia contra a infancia: Definición, clasificación, falsos mitos, datos e consecuencias da violencia: dano e trauma.
- TIPOS DE VIOLENCIA: Violencia física, violencia psicolóxica, negligencia, violencia entre iguais, violencia nas TRIC e violencia sexual.
- Como detectar. Indicadores: Xerais e específicos.
- Actores: Víctimas, persoas agresoras e testemuñas.
- Como actuar: Cos NNA, coas familias e na entidade/centro.
- COMO PREVIR: Ferramentas de prevención segundo os tipos de violencia.
- Como notificar.

SEGUNDA PARTE:

- A crianza de nenos e nenas que sufriron violencia, que é o realmente prioritario?
- Sistema de protección: Especificidades e retos para a crianza de nenos e nenas con afectación traumática.
- Características dos contextos reparadores. O impacto das relacións afectivas significativas no desenvolvemento da resiliencia infanto-xuvenil.
- Acompañamento na Crianza Terapéutica: estrutura, compoñentes e etapas.
- Autocoidado do cuidador. Estratexias e mecanismos de defensa dos profesionais que traballan coa dor.

Cada parte ten unha duración de 4 horas e ten lugar en Santiago, A Coruña, Vigo, Ourense e Pontevedra.

- Posta en marcha de procesos participativos con nenos, nenas e adolescentes sobre a LOPIVI, violencia e canles de denuncia, incluíndo talleres participativos con menores.

Finalidade: Sensibilizar e capacitar para crear espazos seguros.



5. Colaboracións entre a POIG e diferentes órganos e/ou universidade para incidir na mellora dos dereitos da infancia e adolescencia galega

Mediante:

- Coordinar un acto polo Día da Infancia entre a POIG e a Valedora do Pobo reivindicativo dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes en Galicia.
- Promover unha declaración institucional polo Día da Infancia no Parlamento galego.
- Colaboración entre a POIG e a universidade para dar a coñecer os dereitos da infancia e adolescencia en Galicia mediante a achega de propostas de investigación.

Finalidade: Incrementar a visibilidade e mellora dos dereitos da infancia.

6. Dar seguimento á evolución dos indicadores de pobreza infantil en Galicia

Mediante:

- Elaborar un informe sobre pobreza infantil e adolescente partindo como base da Enquisa Nacional de Condicións de Vida (ENCOVI) do Instituto de Nacional de Estatística (INE) centrándose na evolución dos datos en Galicia.
- Visibilizar os datos recompilados en Redes Sociais e páxina web da Plataforma.

Finalidade: Informar para mellorar políticas contra a pobreza infantil.

7. Dar continuidade á mesa de diálogo entre as entidades que constitúen á Plataforma e a Xefatura de Servizo de Protección de Menores da Xunta

Mediante:

- Recompilación e traslado á Consellería de Política Social e Igualdade das necesidades atopadas no sistema de protección á infancia.
- A achega á Xunta de propostas e valoracións, a iniciativa da propia entidade, para a revisión de protocolos e circulares sobre temáticas do sistema de protección da infancia.
- A elaboración de propostas, a iniciativa da propia entidade, ao decreto polo cal se regulará o acollemento residencial, o acollemento familiar e a atención de día na comunidade.
- Estudo e comprobación dos gastos realizados polas entidades membro de acollemento residencial non incluídos nos concertos sociais, mediante un proceso de auditoría, que reflecta a realidade do recurso de acollemento residencial en Galicia e que sirvan para a súa mellora.

Finalidade: Optimizar o sistema de protección infantil.

8. Favorecer procesos de participación infantil e adolescente como instrumento para fomentar o respecto aos seus dereitos

Mediante:

- Asesoramento ás entidades que forman parte da Plataforma na creación e participación de programas de participación infantil.
- Mantemento e desenvolvemento do programa "Redeiros: os dereitos da infancia na rede", como mecanismo de difusión dos dereitos da infancia e altavoz do Grupo de Participación Infantil e Adolescente da POIG.
- Mantemento e desenvolvemento do programa "Dereitos da Infancia: aprenden e participan nos seus dereitos" como proceso participativo destinado a centros educativos, concellos e entidades de infancia de Galicia, no que se desenvolven actividades de participación infantil e facilitan o alzamento das demandas dos nenos, nenas e adolescentes.



- Fortalecemento do Grupo de Participación Infantil e Adolescente da POIG, mediante o establecemento de reunións presenciais e en liña nas cales se reflectan as súas demandas, con especial atención ás dos colectivos máis vulnerables.
- Apoio nas coordinacións cos nenos, nenas e adolescentes do grupo nomeados/as vogais do Consello Autonómico de Infancia e Adolescencia (CAIA).
- Realización dun acto central conmemorativo do Día Internacional da Infancia (20 N) e de varios actos conmemorativos descentralizados en distintas provincias.

Finalidade: Dar voz aos menores e promover os seus dereitos.

9. Visibilizar os beneficios do voluntariado e establecer accións apoiadas con este persoal de cara á mellora dos dereitos da infancia e adolescencia galega

Mediante:

- Mantemento e desenvolvemento do programa "Promoción do Voluntariado: móvete polos dereitos da infancia e adolescencia" centrado en introducir a labor voluntaria en apoios de sensibilización, comunicación e no traballo con nenos, nenas e adolescentes das entidades membro.

Finalidade: Mellorar os dereitos infantís a través do voluntariado.

10. Establecer unha estratexia de comunicación interna e externa en defensa dos dereitos dos nenos, nenas e adolescentes de Galicia

Mediante:

- Incrementar a visibilización da páxina web da Plataforma de Organizacions de Infancia de Galicia e dos diferentes perfís en redes sociais (Facebook, Twitter, Youtube e LinkedIn) mediante unha mellora nos seus contidos, centrados na difusión dos dereitos da infancia e adolescencia galega.
- Difundir a información remitida polas entidades membro sobre accións e temáticas de relevancia para o ámbito da infancia e adolescencia.
- Realización dun Plan de Comunicación da entidade, para mellorar a difusión das novas sobre infancia e adolescencia.
- Realización dun informe de forma colaborativa sobre os Dereitos da Infancia en Galicia dividido por temáticas baseado nas demandas das entidades membro.
- Participación activa na campaña da X Solidaria de Galicia.
- Creación dun boletín mensual destinado ás entidades que traballan a prol da infancia e outros actores interesados sobre novas de infancia.

Finalidade: Aumentar a visibilidade dos dereitos da infancia e das entidades membro.

